

NOVAS / INICIATIVAS

Polafía en Neda

CASA DAS PALMEIRAS-NEDA

Sábado, 21 de novembro de 2009, ás 7 da tarde

Intervirán:
Veciñas e veciños de Neda que queiran contar, cantar e conversar
Rimas populares, por Isidro Novo
Lendas de Neda e arredores, por Antonio Reigosa
Actuación do grupo de música tradicional "Zoar do vento"

ENTRADA LIBRE

Organiza. AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega)
Patrocina: Consellería de Cultura.
Colaboran: Concello de Neda e Casa da Cultura de Neda.

As polafías son unha proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo Vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, que conta coa colaboración de diversas asociacións e

institucións.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituírano os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG, na súa Sección de Literatura Oral. As polafías terán unha duración aproximada de arredor de 90 minutos.


asociación de escritores en lingua galega
POLAFÍA
na lareira
CASA DAS PALMEIRAS DE NEDA
SÁBADO, 21 DE NOVEMBRO DE 2009, ÁS 7 DA TARDE
Historias arredor do lume. Coa participación das/os veciñas e veciños de Neda que desexen contar, cantar, conversar...
Lectura de mitas populares, por Isidro Novo.
Lendas de Neda e arredores, por A. Reigosa. ENTRADA LIBRE
XUNTA DE GALICIA


POLAFÍAS

Polafia Neda.pdf